

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA, O CONCELLO DE VERIN E ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA S.A. PARA A CELEBRACIÓN DO ENTROIDO

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou co concello de Verín o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2020.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer o marco de colaboración para o apoio á celebración do Entroido 2020.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, ten como obxectivo, impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade. Así mesmo, e de conformidade co disposto no artigo 9 dos seus estatutos, para o cumprimento dos devanditos obxectivos correspóndelle a dirección e coordinación das actuacións que poidan ter incidencia en materia de turismo.

Segundo.- O apoio ás festas de interese turístico, é unha das liñas estratéxicas de traballo de Turismo de Galicia por considerar este tipo de eventos como un elemento esencial para o desenvolvemento turístico de Galicia non que atinxe á divulgación da oferta turística galega vinculada aos extraordinarios recursos turísticos deste país e impulsando así a mellora económica do sector.



A este respecto, o Plan Estratéxico do Turismo de Galicia 2020 na Liña estratéxica 2, obxectivo estratéxico 2.1. Singularización de novos valores diferenciadores, Acción 2.1.3. Enfoque turístico do patrimonio inmaterial, inclúe o impulso da creación de produto en torno ás Festas de Interese Turístico.

Terceiro.- O concello de Verín ten competencias en materia de turismo, de acordo co disposto no artigo 25.2.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, posto en relación coa Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, no exercicio das cales desenvolve diversas actuacións entre as que cabe destacar a celebración do Entroido.

Cuarto.- A celebración do Entroido en Verín foi paralelo ás circunstancias históricas e políticas do país ao longo do tempo. É esta unha festa na que os distintos ritos e cerimoniais mesturan o relixioso e o pagán.

Os “cigarróns” son os protagonistas do Entroido. Fan a súa aparición na vila o Domingo Corredoiro, o anterior ao Domingo de Entroido tras as misas da mañá, saudando aos fregueses e enchendo o ambiente de maxia e excitación coas súas danzas e o son enxordecedor das súas chocas, camiñan sempre brincando e meneando as chocas, sacudindo o látego quen se cruza no seu camiño.

A lenda describe ao Cigarrón coma un cobrador de impostos e como levantador da caza dos Condes de Monterrei, señores dos vales de Verín no antigo réxime. A súa orixe real segue a ser unha incógnita indescifrable para aqueles investigadores que pretenden desvelar o seu pasado.

O Entroido de Verín converteuse nunha referencia imprescindible e nunha cita ineludible no calendario de festas da Comunidade Autónoma de Galicia, acadando o recoñecemento de declaración de Festa de Interese Turístico Nacional no ano 2009.

Tras a primeira saída dos cigarróns, arranca o Entroido que continúa co Xoves de Compadres e a queima do “Maragato”. O Sábado de Corredoiro celébrase un baile para os residentes no asilo da localidade e xa o Domingo de Corredoiro ten lugar o saúdo dos cigarróns á saída destes, seguido dun pregón a mediodía e dunha comida popular, para rematar cun baile vespertino, onde se lle cede o protagonismo aos maiores.

O Desfile Infantil convértese no preludio do Xoves de Comadres, xornada na que miles de mulleres disfrazadas se reúnen en ceas colectivas e se dirixen, a media noite, a San Lázaro na procesión “Da vela e das sabas brancas” para recibir a Raíña e Don Carnal, e escoitar o



pregón, que pon punto e seguido ás longas noites de festa no Entroido de Verín. Xa o Venres de Compadreo, o Capuchón e a Mascarita serán os únicos uniformes que portarán os asistentes ao percorrido polas distintas estacións e posterior baile. O Sábado de Entroido, tras o "Bautizo do Cigarrón", festa e verbena como escusa para "correr o Entroido".

O Domingo Gordo, día grande, desfile matinal de comparsas, carrozas e cigarróns, e pola tarde concentración de máscaras e bailes ata ben entrada a madrugada. Xa o Luns de Entroido, "Día da Farelada", xogos infantís amenizados pola música de charangas e orquestras. O Martes de Entroido, último día do gran balbordo popular, desfile vespertino, máscaras, disfraces e grandes doses de humor acompañadas de acordes musicais mesmo ata o novo día. Como epílogo das festas, o Sábado de Piñata promóvense actividades lúdicas para os usuarios do Centro Sociocomunitario de Verín e ao día seguinte, Domingo de Piñata, realízase unha comida popular que pecha o ciclo de festas do Entroido na vila..

Quinto.- Os artigos 193.1 b) e 195.h) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia establecen que as entidades locais galegas e a Xunta de Galicia axeitarán a súa actuación ao principio de colaboración mediante a subscripción de convenios. A tal efecto, as partes intervenientes acordan unir os seus esforzos para acadar o obxectivo sinalado.

Sexto.- O apoio, promoción e difusión deste evento considérase como un dos elementos esenciais para o desenvolvemento turístico de Galicia. A categoría e relevancia acadada por esta celebración fan que acade unha incidencia directa no que atinxe á divulgación da oferta turística galega vinculada aos seus extraordinarios recursos turísticos, impulsando así a mellora económica do sector.

Sétimo.- Que ABANCA é unha entidade que opera no sector financeiro e bancario, con gran tradición e arraigamento no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, lugar onde naceu e desenvolve gran parte do seu obxecto social na actualidade e considera dende un punto de vista publicitario e do marketing que é unha grande oportunidade para dar a coñecer directamente a súa imaxe corporativa e de forma indirecta os seus produtos, difundir o seu logotipo no ámbito das festas de interese turístico tanto de Galicia, como nacionais e internacionais e contribuír así ao apoio e difusión das mesmas.

Dado o interese común en realizar accións compartidas de soporte ao desenvolvemento e a promoción da Festas de Interese Turístico, a Axencia Turismo de Galicia asinou un Convenio Marco coa entidade financeira ABANCA coa finalidade de articular a



colaboración entre as dúas entidades para o apoio á promoción e difusión das festas declaradas de interese turístico na Comunidade Autónoma de Galicia.

Oitavo.- Que a través deste convenio, outórgase ao concello de Verín unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores e que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen, ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2004, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

A xerente de Turismo de Galicia

M^a Elena Barca Ramos

